

Miriam

-"Non son suficientes para cambiar o mundo..." "Para cambiar o mundo..." "O mundo..." "O mundo..." Alicia escoitaba a mesma frase da súa novela todo o tempo na súa cabeza, e non era capaz de durmir. Decide baixar á cociña e prepara un café, mentres espera a que se faga, vai buscar o portátil para continuar escribindo.

Ten que rematar a novela que lle debe a editorial; cuxa protagonista é Miriam, unha rapaza duns 17 anos, baixa, fraca e cun longo pelo louro.

Sobe co ordenador e mais o café ao balcón. Abre a porta, pousa as cousas enriba da mesa e senta na cadeira. Vai un pouco de frío, pero non lle importa. Tras horas escribindo, levanta a cabeza e observa a sombra dunha persoa que se lle facía demasiado coñecida, decátase de que ela vive soa, e a sombra cada vez aseméllase máis a ela, a Miriam. Esta achégase e tápalle a boca, impedíndolle gritar para pedir axuda.

Rocío González, 3ºB